

Bases do XXIX Certame Literario Alberto Romasanta

1. ORGANIZACIÓN

1.1. O Certame Literario Alberto Romasanta está organizado polos EDL dos dous institutos públicos noíeses: o IES Virxe do Mar e o IES Campo de San Alberto.

1.2. Nesta XXIX edición a dirección da organización recae no IES Virxe do Mar.

1.3. No desenvolvemento do certame colaboran os EDL do IES Poeta Añón (Outes) e do CPI Plurilingüe Cernadas de Castro (Lousame).

2. OBXECTO

O obxecto do concurso é estimular a produción literaria en lingua galega entre o alumnado da comarca en homenaxe ao antigo profesor do noso instituto Alberto Romasanta e membro moi querido da comunidade educativa.

3. TEMA

3.1. Nesta edición non se marcará ningún tema concreto ou pechado co fin de estimular a creatividade das persoas participantes.

3.2. Con todo, o alumnado participante deberá incluír na súa creación unha referencia decisiva a un **obxecto ou palabra** das que se inclúan na caixa que reciba o día da realización do evento literario.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

4.1. Poderá concorrer a este certame literario o alumnado matriculado nos centros educativos que organizan e colaboran no seu desenvolvemento durante este curso 2023/24: o IES Virxe do Mar (Noia), o IES Campo de San Alberto (Noia), o IES Poeta Añón (Outes) e mais o CPI Plurilingüe Cernadas de Castro (Lousame).

4.2. Nesta edición o certame literario preséntase como un evento de participación en vivo no cal as persoas participantes de cada centro realizarán o seu texto no mesmo espazo e no mesmo momento do evento literario.

5. MODALIDADES E CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

5.1. Establécense dúas modalidades de participación:

- a) modalidade A: relato breve ou microrrelato (extensión libre)
- b) modalidade B: poema (extensión libre)

5.2. Establécense tres categorías de participación segundo o curso en que estea matriculado o alumnado:

- a) categoría 1: alumnado de 1º e 2º da ESO, FP Básica e ESA 1
- b) categoría 2: alumnado de 3º e 4º da ESO (incluído PDC) e ESA 2
- c) categoría 3: alumnado de 1º e 2º de bacharelato e ciclos formativos.



Bases do XXIX Certame Literario Alberto Romasanta

5.3. O alumnado participante poderá concorrer unicamente nunha categoría de acordo co curso en que está matriculado. Por outra banda, poderá concorrer nunha ou nas dúas modalidades de participación; poderase presentar como máximo un texto por modalidade. O alumnado que concorra nas dúas modalidades de participación poderá duplicar o tempo destinado á fase de elaboración.

6. PREMIOS

6.1. En canto aos premios, en cada modalidade e categoría de participación concederanse dous premios (1º e 2º premio), que se detallan como segue:

| Modalidades | Premios | Categoría 1 | Categoría 2 | Categoría 3 |
|-------------|---------|-------------|-------------|-------------|
| A | 1º | 60 € | 60 € | 60 € |
| | 2º | 30 € | 30 € | 30 € |
| | 3º | 20 € | 20 € | 20 € |
| B | 1º | 60 € | 60 € | 60 € |
| | 2º | 30 € | 30 € | 30 € |
| | 3º | 20 € | 20 € | 20 € |

6.2. Os premios poderán quedar **desertos** de non darse unha calidade mínima considerada suficiente. O xurado poderá outorgar **accésits** no caso de que haxa traballos non premiados cunha calidade que se considere destacable.

6.3. A entrega de premios terá lugar no IES Virxe do Mar o día designado pola organización.

7. LINGUA

Os traballos deberán estar elaborados en lingua galega e deberán ser orixinais. Para contribuír en maior medida á procura da orixinalidade das composicións, a fase de elaboración realizarase en vivo e en directo. Non se permitirá o emprego de ningún material de apoio traído polo alumnado.

8. EVENTO LITERARIO

8.1. O día do evento literario, no que terá lugar a realización das composicións, será fixado polos centros participantes no certame co fin de favorecer o maior nivel de concorrencia.

8.2. O profesorado que forma parte da organización do certame acompañará o alumnado durante a fase de elaboración das composicións no día do evento.

8.3. Unha vez finalizado o evento, o alumnado participante entregará as composicións realizadas mediante o sistema de plicas, para o cal empregará un sobre grande e mais un sobre pequeno que achegará a organización:





Bases do XXIX Certame Literario Alberto Romasanta

8.3.1. Introducirá cada composición nun sobre grande. Na portada deste indicaranse os seguintes datos: título asignado á composición, pseudónimo, modalidade, categoría e indicación dos disparadores que lle axudaron a realizar a composición.

8.3.2. Indicará nunha ficha pequena os seus datos persoais: título asignado á composición, pseudónimo, nome completo, curso escolar e centro educativo.

8.3.3. Introducirá a ficha cos seus datos persoais no sobre pequeno. Pechará o sobre pequeno e indicará na parte dianteira a mesma información que figurará no sobre grande: título asignado á composición, pseudónimo, modalidade e categoría.

8.3.4. Por último, introducirá o sobre pequeno dentro do grande, pechará o sobre grande e entregarallo ao profesorado para formalizar a súa participación no certame.

9. DISPARADORES DAS CREAÇÕES

A organización do certame disporá unha serie de caixas con obxectos ou palabras que procurarán motivar a creatividade das persoas participantes.

10. XURADO

10.1. Os membros do xurado serán docentes ou exdocentes dos centros educativos participantes.

10.2. O xurado poderá realizar un proceso de preselección dos traballos presentados antes da súa avaliación por parte do xurado.

10.3. O xurado ten total lexitimidade para adoptar as decisións que considere para que o devir do certame se produza sen incidencias. O ditame do xurado é inapelable.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación ao certame implica a aceptación das bases



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

